

Xoves, 7 de marzo de 2024

ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO DE 4º CURSO DA ESO E 2º CURSO DE BACHARELATO

Estimadas familias:

Escolas Católicas de Galicia envía ao centros educativos o seguinte resumo que desde o colexio facemos chegar ás familias:

O pasado venres, 1 de marzo, difundíuse a través do Portal Educativo a Resolución do 28 de febreiro de 2024, pola que se ditan instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado que cursa ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato de Galicia no curso 2023/24.

Ligazón: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/42513>

O obxectivo desta resolución é ditar instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado que cursa as etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2023/24.

Expoñemos a continuación os aspectos máis salientables da resolución, recomendando como sempre a súa atenta lectura.

Os niveis de competencia acreditados correspóndense cos niveis de aptitude do Marco Galego de Competencias Dixitais.

ACREDITACIÓN DO ALUMNADO DE 4º CURSO DA ESO

1. Por obter o título de graduado o graduada en ESO o curso 2023/2024, o alumnado recibirá o certificado que acredita o nivel de INICIACIÓN.
2. Por superar a proba específica de acreditación de competencias dixitais, o alumnado obterá o certificado de nivel INTERMEDIO.

ACREDITACIÓN DO ALUMNADO DE 2º CURSO DE BACH.

1. Pola obtención do título de bacharel o alumnado acreditará ter os coñecementos, habilidades e actitudes das áreas de dominio 1, 2, 3 e 5 do nivel INTERMEDIO.

2. Pola superación da proba específica, o alumnado acreditará os coñecementos, habilidades e actitudes propias da área de dominio 4 do nivel INTERMEDIO.

3. O alumnado que supere a proba específica e obteña o título de bacharel, recibirá a certificación COMDIX que acredita o nivel INTERMEDIO.

INSCRICIÓN NAS PROBAS

Os centros docentes deberán inscribir ao alumnado dos cursos citados que participará nas probas con data límite do 11 de marzo de 2024 ás 23:59 horas. Tamén deberá indicar o nome da persoa ou persoas coordinadora destas probas.

Para participar nas probas o alumnado deberá estar matriculado en 4º curso da ESO ou en 2º curso de Bacharelato

O alumnado de 4º da ESO dos centros concertados inscribíranse na proba a través da aplicación XADE, empregando o módulo Actividade (menú Alumnado > Actividade) que incorpora a actividade denominada “Proba Com. Dix. 4º ESO”.

A comunicación dos datos da persoa coordinadora da proba realizarase a través dun formulario Abalarbox.

O alumnado de 2º de Bacharelato (non concertado) inscribírase a través da aplicación “ENQUISAS”. Comunicarase a cada centro educativo a ligazón ao formulario de inscrición e os pasos a seguir para cumprimentalo

DATAS DAS PROBAS

A proba específica de 4º da ESO (nivel intermedio) realizarase durante o mes de maio.

A proba específica da área de dominio 4 do nivel intermedio, para alumnado de 2º de Bacharelato, realizarase durante o mes de abril.

Os requisitos para a organización das probas están descritos no artigo 10 da Resolución.

PERSOAS QUE OBTIVISEN O TÍTULO DE ESO NOS CURSOS 2021/2022 ou 2022/2023

Poderán solicitar a acreditación da competencia dixital nivel de Iniciación as persoas que reúnan os requisitos contemplados na Disposición Adicional Segunda, formulando unha solicitude no centro no que rematase 4º curso entre o 2 e o 15 de maio de 2024.

VALIDEZ DAS ACREDITACIÓNS.

As acreditacións terán unha validez de 5 anos a partir da data de proposta do título. Axustaranse aos modelos que figuran como Anexos á resolución.

Recibide un cordial saúdo.



O equipo directivo